

Estimados pais/nais:

Pola presente queremos comentarlle que xa está aberto o prazo de presentación de solicitudes para a **participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquisición de material escolar, para alumnado matriculado en Educación Secundaria Obrigatoria, ano académico curso 2023/2024. O encontrarán publicado no DOG do 19 de maio ([Orde do 10 de maio de 2023](#)).**

Forma de presentación:

Poderán recoller e presentar a solicitude no centro, ou ben realizala accedendo á aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>). Unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

1. No centro (imprimirán o anexo I e o anexo II, e os presentarán asinados, xunto coa documentación)
2. Na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Documentación:

- **Solicitude** cuberta e asinada
- **Fotocopia do libro de familia** (deberán presentar o orixinal a fin de cotexar as copias).
- DNI ou NIE de todos os membros da unidade familiar (**só no caso de non autorizar a consulta dos datos de identidade**).
- Renda correspondente ao exercicio do ano 2021 daquelas persoas que teñan ingresos, (**só no caso de non autorizar a consulta dos datos tributarios**).
- **Xustificantes** daquelas situacións especiais que se poidan alegar.

Prazo de presentación: ata o día **21 de xuño**, na oficina do IES de Fene, de 9.30 a 13.30 horas. O alumnado repetidor de 4º ESO poderá presentala no prazo dun mes dende a formalización da matrícula.

REQUISITOS DE RENDA:

A renda per cápita máxima para poder ter dereito ao fondo de libros é de 10.000 euros máximo para obter 4 libros e de 6.000 euros máximo para 6 libros de texto. (Nos casos de discapacidade do alumno/a superior ao 65 %, necesidades educativas especiais ou alumnado tutelado pola Xunta de Galicia, serán 6 libros independentemente da renda).

A contía da axuda para adquisición de material escolar será de 75 euros con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros, e de 60 euros con renda per cápita entre 6.000 e 10.000 euros.

As persoas beneficiarias de libros procedentes de fondo solidario do centro teñen a obriga de devolver os libros de texto. **A falta de devolución será causa de exclusión da participación no curso 2023/24.** Está exento desta obriga o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.

Para o cálculo da renda per cápita hai que sumar os recadros 460 e 435 da renda do ano 2021 (presentada no 2022) e dividila polo nº de membros computables da familia. (as persoas con discapacidade superior ao 33 % computan como 2).

Para ter dereito a que se lle asignen libros de texto e cheque de material, o alumnado deberá ter devoltos os libros do curso actual (2022/23). O último día para a devolución é o **21/06/2023**.

Os libros entregaranse ao alumnado ao comezo das clases.

Ante calquera dúbida, poden poñerse en contacto co centro.

Un saúdo.

Fene, 22 de maio de 2023

O director
Xoán Manuel Vázquez Vázquez